

Ota quiere voar



Título:

Ota quiere voar

Autora:

Ánxela Loureiro

Ilustrador:

Santiago Eiroa Pazos

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

96

ISBN:

84-9782-067-3

Idade:

De 7 anos en diante

XERAI S



a autora

Ánxela Loureiro

Ánxela Loureiro nace nos anos cincuenta.

En relación coa súa profesión de profesora de música colaborou con diversos colectivos didácticos para a elaboración de libros de texto como *Nobelos de papel* de Edicións Xerais e *Música 3, 4, 5 e 6* de Edicións S.M. Tamén realizou traballos de investigación como *Recompilación e clasificación de cancións galegas*, *Creatividade musical na escola* e *Cancións para o ano*. Forma parte do grupo folk Saraibas.

Inicia o traballo literario con *¡Ollo, hai lurpios na horta!*, que acadou o 1º Premio de Teatro Infantil do Ateneo Ferrolán. Conta coas obras narrativas: *Viaxe de ida e volta*; *Laia, a nena da illa*, *Camiño perigoso...*



o ilustrador

Santiago Eiroa Pazos

Santiago Eiroa Pazos naceu en Ferrol no ano 1976.

Estudou xornalismo e ilustración.

Ilustrou *Contos do máximo tres*, de Xoán Babarro.

Neste caso, as ilustracións están realizadas en branco e negro, dunha maneira esquemática e buscando a expresividade dos animais. Abundan as angulacións en picado e contrapicado, como corresponde a unha historia de aves.


o libro

Esta historia lévanos a compartir as sensacións dunha gaivota dende o seu nacemento ata a madurez.

A gaivota protagonista axiña descubrirá que a vida é algo máis que voar polas fermosas paisaxes dos cantís, pois terá que aprender a sobrevivir e a superar os perigos que a cada momento se lle presentan.


A súa curiosidade e ansias por aprender, así como o interese por todo o que a rodea, fai que sexa confiada e decidida, o que lle traerá algún que outro problema. Un día, engaiolada ante un castelo de area que uns nenos constrúen na praia, distráese e non pode evitar que a capturen; desa maneira verase abocada a vivir en catividade, pero recuperará a liberdade. Como veremos, tratarase dunha vida plena de arriscadas aventuras.

temas e valores



As ansias de saber

Ota comeza dende a primeira páxina, dende o primeiro instante de consciencia, a querer saber quen é, onde está... a investigar.




Os riscos da vida

Ao longo da súa existencia terá que enfrontarse a unha serie de perigos que a farán avanzar e madurar.



Autocoñecemento e autoestima

Ota esfórzase por saber quen é e séntese satisfeita do que descobre.



Medir os riscos

Algún dos problemas que ten a gaiyota están causados polas súa insensatez, por non pensar antes de actuar, por despistarse.



As diferenzas

As diferenzas entre Ota e Gai. Son irmáns e, non obstante, ben distintas.

actividades

Antes da lectura

- Observaremos o libro. Intentaremos que saian á luz as expectativas. Iremos realizando anticipacións acerca da temática, da posible historia...
- Veremos que pode agacharse detrás dese título. Apoiarémonos na portada para ir engadindo datos. Leremos a contraportada para facernos xa coa historia.
- Comentaremos a idade para a que está recomendado. Lemos a lapela para conseguir datos sobre a autora e o ilustrador, así como para coñecer outros libros desta autora que están tamén nesta mesma colección. Manipulamos o libro buscando novas informacións: observamos a ficha bibliográfica tratando de responder ás dúbidas que poidan xurdir; comentamos as anotacións sobre a reprodución ou «pirateo» do libro; lemos a dedicatoria e imaxinamos que une á autora con esas persoas; lemos o índice para ver cantos capítulos ten a novela; repasamos os títulos da colección Merlín deste tramo de idade e comentamos aqueles que leramos ou aqueles autores que nos resulten coñecidos.
- Tratamos de saber cales son os coñecementos previos sobre a autora, a colección, a vida das gaivotas e todo aquilo que vaia aparecendo.

Ao longo da lectura

- Iremos comentando cada capítulo, facilitando que nos resuman o que leran, que fagan anticipacións sobre aquilo que pasará máis adiante.
- Traballaremos o significado en base ao contexto e consensuándoo entre todos; confirmarémolo no dicionario. Xogaremos con esas palabras para ir asimilándoas.
- Expoñer as súas propias experiencias e vivencias en base ás que vaian atopando no texto.
- Comentar actitudes que lles chamaran a atención.

actividades

Despois da lectura

- Intercambiar as opinións sobre o libro.
- Escribir unha recomendación que publicaremos no taboleiro ou no boletín da biblioteca.
- Relacionaremos este libro con outros de animais.
- Realizaremos unha exposición cos outros libros desta autora que teñamos na biblioteca. Leremos aqueles que nos apetezan e, posteriormente, faremos as presentacións deles aos compañeiros.
- Elaboramos un marcalecturas acorde co tema do libro.

ficha 1

• Neste texto asistimos ao nacemento das gaivotas Ota e Gai dos ovos correspondentes. Hai outra historia na que a protagonista lle conta un conto a un ovo para que se abra; trátase da obra de teatro *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Busquémola. Logo pensamos en contos que poidan servir para espertar a un neno, para abrir unha flor, para agachar un tesouro...

• De *gaivota* sae OTA e tamén GAI.

De elefante	_____
De rinoceronte	_____
De escornabois	_____
De _____	_____
De _____	_____

• Poñerémos de acordo para escribir a historia de cada un dos personaxes que vaian nacendo.

ficha 2

- Xogando ás adiviñas: «Teño un pico na testa, o meu corpo está cuberto de plumas e as miñas patas soben e baixan, veño dunha casca, pero... ¿quen son?». Irán describindo novos animais para que outros os adiviñen, gana o equipo que acerte máis.

- Busca seis nomes de aves nesta sopa de letras:

C	D	P	A	I	Ñ	O
G	A	I	V	O	T	A
A	O	R	Z	O	I	V
B	U	R	T	X	Ñ	I
I	M	O	R	B	O	O
A	C	F	I	I	B	N
N	P	E	T	O	O	H
M	E	R	L	O	Q	N

- Realicemos encadeados

GAVOTA TACO COMIDA DADO DOMINÓ ...

- Pedímoslles que narren en primeira persoa o nacemento dunha cadelíña, dun peixe, dunha lagarta...

- Busquemos os mesmos finais:

OTA GAIVOTA GOTA MARAGOTA...

ficha 3

- Describir os personaxes: Ota, Gai, Pau, Ismael...

- A historia de Ota pódese pasar a cómic.

- Despois de lida a historia poderán dicir cales son os inimigos das gaiivotas. E tamén cales son os amigos de Ota.

ficha 4

- Poderán buscar as aves que máis lles gustan nunha guía, debuxalas ou fotocopialas situándoas no seu contorno máis preciso.

- As aves poden tirarse en picado ou elevarse en contrapicado. De aí nacen os nomes deses tipos de planos. Buscar algún. Debuxar o barrio ou a aldea *a vista de paxaro*.

- Fai o deseño dun castelo que máis tarde poderás realizar con area na praia.

- Pescudemos: as gaivotas sofren cambios de novas a vellas, tampouco son iguais as femias e os machos...

ficha 5

- Debuxar o percorrido que fan Pau, Ota e a vella gaivota do grupo dos cantís: «Saíron da zona da lagoa, atravesaron unha extensa vexetación de xuncos, cruzaron un outeiro, pasaron pola praia e chegaron aos cantís da infancia de Ota».



- Buscar o parágrafo no que fala do chapapote. Ilustrar esa imaxe.





Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 116-2005